

Proposta de intervención en 1º ESO

Esta proposta de intervención está pensada para dar resposta aos seguintes problemas detectados na aula:

- Tratamento inadecuado entre compañeirxs
- Mal ambiente de traballo nas clases
- Problemas entre persoas da clase (puntuais e de diversa intensidade)
- Posible caso de incipiente acoso contra unha alumna en concreto

Partindo desta diagnose, os obxectivos a traballar co alumnado do grupo son os seguintes:

- 1) Analizar como se relacionan entre si.
- 2) Decatarse das consecuencias que pode ter nos demais o que un di, fai ou manifesta (empatía cognitiva).
- 3) Aprender a poñerse na pel da outra persoa (empatía emocional).
- 4) Valorar as súas cualidades positivas así como as dxs demais.
- 5) Incrementar a autoestima e a cohesión grupal.
- 6) Expresar as súas impresións, sentimentos, emocións e preocupacións.
- 7) Acadar consensuadamente unhas normas de bo trato entre compañeirxs e entre alumnado-profesorado.

Número de sesións:	3
--------------------	---

1ª sesión. Como nos relacionamos?

Objetivos 1 e 2.

Experimento de aula “A importancia das palabras”.

O desenvolvemento da dinámica aparece no seguinte vídeo.

Materiais: rotuladores de pizarra.



2ª sesión. Que penso dos demais? Que pensan de mi?

Objetivos 3, 4 e 5.

Dinámica “O círculo”.



A docente explica aos alumnos/as que van a centrarse unicamente nas características positivas que posúen os seus compañeirxs: *cualidades psicolóxicas ou físicas* (por exemplo, simpatía, alegría, optimismo, sentido do humor, sentido común, solidariedade, o sorriso, a mirada agradable, etc.) ou *capacidades* (capacidade para a lectura, para as matemáticas, para organizar unha actividade en grupo, etc.).

A continuación, colócanse en círculo, e cada un escribe o seu nome na parte superior dun folio e dállo ao compañeiro/a da súa dereita. Así, o folio vai dando voltas ata que o recibe o/a propietario/a con todos os eloxios que escribiron sobre el/ela o resto de compañeirxs.

Debemos intentar que vexan a importancia de que se expresen as cualidades positivas e os logros dxs demais para a autovaloración positiva do seu autoconcepto.

3ª sesión. O decálogo do Bo trato.

Obxectivos 1, 2, 3, 5, 6 e 7.



Círculo de diálogo

O círculo de diálogo permite ter unha conversación en grupo na que as persoas participantes séntanse en círculo, a persoa docente actúa como facilitadora formulando preguntas.

Debe haber un obxecto-distintivo para falar; a persoa que o ten fala e o resto do círculo escoita con respecto. O obxecto vaise pasando arredor do círculo.

O círculo axuda a cohesionar o grupo e reflexionar en conxunto, facilitando a participación de todo o alumnado. Neste caso, deben reflexionar sobre como se sinten e cren que se sinten as demais compañeiras cando se producen situacións nas que na comunicación median insultos, comentarios negativos, burlas ou risas, etc.

O decálogo do Bo trato.

Unha vez que o alumnado expresa as súas inquedanzas, puntos de vista ou emocións, a profesora debe lanzar a pregunta de que solucións aportarían, indicando que a clase precisa un decálogo para comezar a mellorar a comunicación entre alumnado e alumnado-profesorado.

Das ideas que saian do círculo, a docente vai anotando aquelas que acaden consenso, ata elaborar un listado delas coas que todos e todas estean de acordo.

A partir dese momento, ese decálogo debe de estar colgado na aula e, cando se aprecie o incumprimento dun ou varios compromisos, a titora deberá reunir ao círculo tantas veces como sexa necesario.